

Expte. Solicitante	Proxecto	Achega
169 Orfeón Lucense	IX Encontro internacional de música sacra	1.770,83
173 <i>Fundación Manuel María</i>	III Premio Manuel María á dignidade nacional	2.992,71
196 Coral Polifónica de Noia	XXXII Semana musical de Noia	1.062,50
14 <i>Asociación Musical y Cultural Cantabile</i>	Cantabileando polas catedrais e mosteiros galegos	3.000,00
49 <i>Asoc. Sociopedagóxica Galaico-Portuguesa (Aspgp)</i>	Abc Cinema-xogos tradicionais por Galicia	6.000,00
65 <i>Asoc. Defensa Ecolóxica de Galiza (Adega)</i>	Proxecto Cerna	10.000,00
82 <i>Asociación Ateneo Ferrolán</i>	XVIII Concurso de gaita Constantino Bellón. Edición libro partituras seleccionadas	12.000,00
100 Club de Prensa de Ferrol	Programa de actividades 2008	10.000,00
105 <i>Sociedade Cultural e Deportiva Palaestra</i>	Programa cultural 2008	2.666,67
112 <i>Fundación Festa da Istoria</i>	Festa da Historia. Actividades	10.000,00
126 <i>Fundación Preescolar na Casa</i>	Concerto para bebés	2.756,33
140 <i>Asoc. Grupo de Danzas Tradicionais Brincadeira</i>	Clases de baile e gaita	5.103,33
	Total subvencionado	399.783,63

## AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIAS

*Resolución do 5 de decembro de 2008 pola que se fai pública a ampliación do importe existente para a concesión das axudas e subvencións ao sector escénico e musical para 2008, convocadas pola Resolución do 18 de decembro de 2007, pola que se anuncia convocatoria pública de subvencións ao sector escénico e musical para 2008.*

A Resolución do 18 de decembro de 2007 pola que se anuncia convocatoria pública de subvencións ao sector económico e musical para o ano 2008 (DOG nº 9, do 14 de xaneiro), establece na súa base terceira o seu réxime regulador, modalidades de axuda, imputacións de créditos e contía de cada modalidade. Na modalidade C para as subvencións á distribución, asígnase a contía de 380.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 12.90.432B.470.0. Tal contía foi ampliada pola Resolución do 1 de setembro de 2008, en 75.000 euros, para dar cobertura á demanda suscitada.

Unha vez revisados os últimos expedientes presentados ao abeiro da devandita resolución, comprobouse que o importe total solicitado destas axudas segue superando amplamente o crédito inicialmente establecido, o que orixina que non se puidesen atender axeitadamente as solicitudes presentadas.

Considerando todo o dito anteriormente, e de acordo co disposto no artigo 31.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que existe crédito dispoñible que pode ser utilizado para este fin, cómpre ampliar o importe da contía inicial prevista na Resolución do 18 de decembro de 2007,

coa finalidade de atender o maior número de beneficiarios posible.

Por todo o exposto e en uso das facultades que me foron conferidas,

### DISPOÑO:

Artigo único.

Primeiro.-Para o exercicio orzamentario 2008 ampliarase en 27.224,69 euros o importe da contía prevista na Resolución do 18 de decembro de 2007 pola que se anuncia convocatoria pública de subvencións ao sector escénico e musical para o ano 2008, modificada pola Resolución do 1 de setembro de 2008. Tal ampliación será financiada con cargo aos créditos dispoñibles nas aplicacións orzamentarias 12.A1.432B.480.0 (6.106 euros) e 12.A1.432.B.470.0 (21.118,43 euros).

Segundo.-Esta modificación non afecta os prazos establecidos na Resolución do 18 de febreiro de 2008 pola que se anuncia convocatoria pública de subvencións ao sector escénico e musical para o ano 2008, para a presentación de solicitudes, nin afecta o resto das bases desta resolución.

### Disposición derradeira

Única.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2008.

Ánxela Bugallo Rodríguez  
Presidenta do Consello de Dirección da Axencia Galega de Industrias Culturais

## INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*Resolución do 10 de decembro de 2008 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe), que aproba as bases reguladoras das axudas para facilitar a análise empresarial das empresas galegas cara ao acceso ao Mercado Alternativo Bursátil (MAB).*

O Consello de Dirección do Igabe na súa xuntanza do día 23 de setembro de 2008 acordou por unanimidade dos membros asistentes aprobar as bases reguladoras das axudas para facilitar a análise empresarial das empresas galegas cara ao acceso ao Mercado Alternativo Bursátil (MAB) e delegar no director xeral a súa convocatoria e aprobación dos créditos, dentro das dispoñibilidades orzamentarias.

Na súa virtude e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

**RESOLVO:**

Primeiro.-Publicar as bases reguladoras das axudas para facilitar a análise empresarial das empresas galegas cara ao acceso ao Mercado Alternativo Bursátil (MAB), as cales se anexan a esta resolución.

Segundo.-Convocar en réxime de concorrencia competitiva as liñas de axudas das bases reguladoras para facilitar a análise empresarial das empresas galegas cara ao acceso ao Mercado Alternativo Bursátil (MAB), cuxo prazo de presentación de solicitudes se abrirá o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, no caso de coincidir en sábado ou día inhábil en Santiago de Compostela o prazo comezará o día hábil seguinte, e pecharase o 27 de febreiro de 2009.

Terceiro.-Os requisitos das alíneas c), e) e l) do artigo 20.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, indícanse nas bases reguladoras das axudas do Igape para facilitar a análise empresarial das empresas galegas cara ao acceso ao Mercado Alternativo Bursátil (MAB), anexas a esta resolución, e os requisitos das alíneas f), h), i), j), k), m) e n) do citado artigo indícanse nas bases reguladoras dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Igape, publicadas mediante Resolución do 12 de marzo de 2008 (DOG nº 55, do 18 de marzo).

Cuarto.-As axudas reguladas nestas bases financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 02.02-E4/10/01-651700 que figura dotada no proxecto de orzamentos do Igape para 2009, na que normalmente existirá crédito axeitado e suficiente, e ata o importe máximo de 300.000 euros, reservándose para o efecto o correspondente crédito. Os ditos créditos, á vista das solicitudes presentadas poderán ser modificados e/ou ampliados polo Igape, do cal se dará a correspondente publicidade no *Diario Oficial de Galicia*.

De conformidade co disposto na Orde do 11 de febreiro de 1998 (DOG nº 34, do 19 de febreiro) sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 (DOG nº 231, do 29 de novembro) e pola Orde do 25 de outubro de 2001 (DOG nº 209, do 29 de outubro), a concesión das correspondentes axudas queda sometida en todo caso á condición suspensiva da existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos xerais do Igape para 2009 no momento da resolución.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2008.

Álvaro Álvarez-Blázquez Fernández  
Director xeral do Instituto Galego de Promoción  
Económica

**Bases reguladoras das axudas para facilitar a análise empresarial das empresas galegas cara ao acceso ao mercado alternativo bursátil (MAB).**

O artigo 31.4º da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do Mercado de Valores (LMV), modificada pola Lei 47/2007, do 19 de decembro, do Mercado de Valores, establece un sistema organizado de negociación denominado Mercado Alternativo Bursátil (MAB), supervisado pola Comisión Nacional do Mercado de Valores (CNMV) e cun segmento dirixido a entidades empresariais de reducida capitalización.

Os requisitos tradicionais para cotizar na bolsa de valores veñen dificultando historicamente o acceso a este mercado por parte de empresas pequenas e medianas. Noutros países como Gran Bretaña, a través do AIM, ou Francia, a través do mercado Alternext, facilitouse hai anos o acceso das empresas á cotización en bolsa das súas accións.

Este segmento MAB é unha realidade desde abril de 2008, cando se aprobaron as circulares de mercado que regulan o seu funcionamento. O nacemento deste denominado Mercado Alternativo Bursátil (MAB) ofrece unha alternativa moi interesante de financiamento para aquelas empresas que, por diferentes motivos, estaban afastadas da Bolsa de Valores, facendo extensivas as virtudes de cotizar ás pequenas e medianas empresas e a aquelas das grandes que non poderían optar á bolsa principal.

O MAB é unha ferramenta de indubidable valor na atracción de capitais ás compañías galegas, especialmente nun contorno de restrición de acceso ao financiamento alleo tradicional, como no que nos atopamos na actualidade.

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), no cumprimento das súas funcións, está chamado a desempeñar un papel esencial no desenvolvemento de programas e iniciativas que contribúan de xeito salientable a acadar os obxectivos económicos estratéxicos da Comunidade galega. Neste contexto, incentivar as empresas galegas no traballo preparatorio para o acceso ao MAB, preséntase como unha oportunidade para o instituto cara a fortalecer as capacidades financeiras das empresas galegas que presenten un perfil adecuado para acceder ao Mercado Alternativo Bursátil, desenvolvendo un programa de axudas e incentivos para contribuír ao dito obxectivo.

As convocatorias desta liña de axudas serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* mediante resolución do director xeral do Igape. As ditas convocatorias incluírán o procedemento de tramitación, o prazo de presentación de solicitudes e os créditos asignados.

Con carácter xeral, as axudas reguladas nestas bases outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva ao abeiro do disposto no artigo 19.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Gali-

cia. O mesmo que en todas as convocatorias en concorrencia competitiva, a preparación de solicitudes será necesariamente telemática, en beneficio de ambas as partes. A súa presentación e a comunicación entre o solicitante e o Igape poderá ser, así mesmo, totalmente telemática ou ben mediante a presentación física da instancia de solicitude, segundo o previsto nas bases reguladoras dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Igape.

#### Artigo 1º.-*Iniciativas obxecto de apoio.*

Co obxectivo de incentivar actuacións empresariais nas distintas fases de aproximación ao MAB, o Igape poderá conceder subvencións a fondo perdido aos seguintes tipos de iniciativa:

1. Sondaxe prevaloración: avaliación das condicións de partida da empresa que permitan decidir se está en condicións mínimas de estudar o inicio do proceso.

2. Estudo en profundidade e preparación de acceso definitiva: exercicio previo á colocación dos títulos no mercado, realizada ou aceptada por un asesor rexistrado por MAB.

3. Presentación a investidores e colocación: fase definitiva de cotización no MAB, *road-show* e colocación de títulos, realizada por un asesor rexistrado por MAB.

#### Artigo 2º.-*Compatibilidade coa normativa europea.*

As liñas de axuda establecidas nestas bases e dirixidas ás Pemes outórganse ao abeiro do artigo 26 do Regulamento (CE) 800/2008 da Comisión do 6 de agosto de 2008 (Regulamento xeral de exención por categorías) (DOUE L 214, do 9 de agosto de 2008). No caso de beneficiarios que excedan os límites de PEME, segundo a definición establecida no antes citado regulamento, as axudas respectarán o establecido no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión do 15 de decembro de 2006 relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis* (DOUE L 379/5, do 28 de decembro de 2006).

#### Artigo 3º.-*Tipo de axuda e gastos subvencionables.*

1. Poderán concederse subvencións a fondo perdido sobre os gastos subvencionables, segundo os conceptos enumerados no artigo correspondente. Para estes efectos os límites de intensidade porcentual de subvención computaranse en todo caso en termos de subvención bruta.

2. Serán subvencionables os gastos realizados e pagados dentro do prazo concedido para a execución dos proxectos. Este período denomínase prazo de vixencia para os efectos de cumprir todas as condicións que se establezan. Este prazo iniciarase coa presentación da solicitude de axuda e finalizará na data establecida na resolución de concesión en atención ás características do proxecto para os efectos de cumprimento de todas as condicións da subvención.

3. Para os efectos do artigo 8 do Regulamento (CE) 800/2008 da Comisión do 6 de agosto de 2008 as Pemes solicitantes non poderán ter iniciado o proxecto subvencionable previamente á presentación da solicitude de axuda no Igape.

#### Artigo 4º.-*Beneficiarios.*

1. Poderán ser beneficiarios destas axudas as sociedades mercantís con personalidade xurídica propia, domiciliadas na Comunidade Autónoma de Galicia ou que acometan unha porcentaxe importante do seu negocio global nos seus centros de traballo establecidos en Galicia, e que cumpran os seguintes requisitos:

a) Empresas non participadas por outras que coticen en bolsa ou ben que esa participación sexa inferior ao 50%.

b) Fondos propios non inferiores a 4 millóns de euros no último depósito de contas no Rexistro Mercantil anterior á solicitude de axuda.

c) Achegar para o proxecto unha contribución financeira exenta de calquera tipo de apoio público de polo menos un 25% do seu importe, sexa mediante recursos propios ou mediante financiamento externo.

d) En todos os casos estar ao día das súas obrigas coa Facenda Pública, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social e, en xeral, cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia para obter a condición de beneficiario.

Os requisitos a) e b) anteriores, poderán ser substituídos por informe favorable de polo menos un asesor rexistrado por MAB.

2. Para aquelas actividades que se atopen comprendidas dentro dos sectores regulados por normas específicas da Unión Europea sobre axudas estatais, as axudas previstas nestas bases axustaranse en cada caso ás ditas normas específicas, especialmente as exclusións por sector de actividade das Pemes contidas no artigo 1.3º do Regulamento (CE) 800/2008, da Comisión do 6 de agosto de 2008.

3. Será causa de automática denegación da axuda que o solicitante teña pendente de reintegro calquera axuda previa declarada ilegal e incompatible co mercado común pola Comisión Europea e suxeita a unha orde de recuperación.

#### Artigo 5º.-*Proxectos subvencionables.*

a) Sondaxe prevaloración: avaliación mediante contratación externa das condicións de partida da empresa que permitan decidir se está en condicións mínimas para abordar o inicio do proceso.

b) Estudo en profundidade e preparación de acceso definitiva: previo á colocación dos títulos no mercado, definición da operación de saída (características da emisión, importe, procedemento elixido,...), valoración e confección da documentación precisa

entre CNMV e MAB, realizado por un asesor rexistrado por MAB ou por terceiros independentes coa aceptación por parte dun asesor rexistrado.

c) Presentación a investidores e colocación: fase final e saída ao MAB, constituída polo denominado road-show de presentación da empresa a potenciais investidores e, se é o caso, colocación definitiva de títulos, realizada por un asesor rexistrado por MAB.

#### Artigo 6º.-*Obrigas e límites.*

1. Un solicitante poderá presentar como máximo un proxecto a unha das liñas anteriores, por convocatoria. Para estes efectos, considerarase como un mesmo solicitante as empresas vinculadas entre si polo seu accionariado.

2. As empresas beneficiarias das axudas previstas no punto anterior deberán colaborar co Igape no seguimento do devir futuro da empresa en relación cos estudos realizados.

#### Artigo 7º.-*Conceptos subvencionables.*

1. Serán subvencionables os custos de consultoría externa ou asistencia técnica (impostos excluídos).

2. No caso de que o gasto subvencionable supere os 12.000 €, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o presten. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación da subvención realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

#### Artigo 8º.-*Criterios de avaliación e selección de proxectos.*

a) O sector de actividade da PEME, sendo prioritarias as actividades relacionadas no anexo II das bases reguladoras dos incentivos económicos do Igape (DOG nº 55, do 18 de marzo de 2008). (0-20 puntos).

b) A localización do proxecto, segundo o anexo VI das bases reguladoras dos incentivos económicos do Igape (DOG nº 55, do 18 de marzo de 2008). (0-15 puntos).

c) A dimensión da empresa, sendo prioritarios os proxectos propostos por medianas empresas. (0-25 puntos).

d) As ratios económico-financeiras da empresa nas últimas contas depositadas no Rexistro Mercantil. (0-35 puntos).

e) A utilización da lingua galega na formalización do cuestionario. (0-5 puntos).

#### Artigo 9º.-*Contía e límites de axuda.*

No caso de ser aprobados, os proxectos definidos contarán cunha subvención a fondo perdido do 50% dos gastos de consultoría ou asistencia técnica aprobados polo Igape, dentro dos orzamentos presentados polo beneficiario na súa solicitude, cos seguintes límites de subvención:

a) Sondaxe prevaloración: ata 8.000 €.

b) Preparación de acceso definitiva: ata 70.000 €.

c) Presentación e colocación: ata 6.000 €.

#### Artigo 10º.-*Pagamento da subvención.*

1. Unha vez finalizados totalmente os traballos de consultoría externa contratados polo beneficiario, as facturas dos colaboradores externos serán sufragadas na súa totalidade polo beneficiario. Este pagamento deberá ser aboado polo beneficiario a través de entidades financeiras.

2. O beneficiario presentará no Igape a súa solicitude de cobramento, achegando unha copia do traballo realizado asinada polos colaboradores externos e polo beneficiario da axuda, as facturas estendidas ao beneficiario e os xustificantes de pagamento do seu importe e, se é o caso, as ofertas de provedores e a memoria xustificativa da elección do provedor do servizo subvencionado (segundo o artigo 7º.3).

3. Unha vez comprobado polo Igape a realización do obxecto da subvención e que o beneficiario está ao día nas súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social e que non mantén débedas coa Xunta de Galicia, aboará ao beneficiario, segundo os datos por el achegados mediante certificación bancaria, o importe da subvención concedida.

#### Artigo 11º.-*Tramitación.*

No non establecido nestas bases, a tramitación dos expedientes seguirá a tramitación en concorrencia competitiva establecida no capítulo I das bases reguladoras dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Igape, publicadas mediante Resolución do 12 de marzo de 2008 (DOG nº 55, do 18 de marzo).

#### Artigo 12º.-*Compatibilidade.*

A subvención ao abeiro destas bases para un determinado proxecto será incompatible con calquera outra subvención a fondo perdido do Igape para o mesmo proxecto. Será compatible, non obstante, con calquera outro tipo de subvención ou axuda concedida por outros organismos públicos ou privados, sempre e cando o seu cómputo non exceda para as Pemes os límites permitidos no Regulamento (CE) 800/2008 da Comisión (Regulamento xeral de exención por categorías) e para as non Pemes os límites permitidos no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión do 15 de decembro de 2006 relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis* (DOUE L 379/5, do 28 de decembro de 2006).



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E  
FACENDA

ANEXO I



PROCEDEMENTO <b>AXUDAS DO IGAPE PARA FACILITAR A ANÁLISE EMPRESARIAL DAS EMPRESAS GALEGAS CARA AO ACCESO AO MERCADO ALTERNATIVO BURSÁTIL (MAB)</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>EC531A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

**DATOS DO/A SOLICITANTE**

ENTIDADE		CIF / NIF	
ACTIVIDADE		CORREO ELECTRÓNICO	
NOME E APELIDOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL			DNI
DOMICILIO POSTAL DA ENTIDADE		PROVINCIA	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

**SOLICITUDE PARA**

- IG165: AXUDAS PARA FACILITAR A ANÁLISE EMPRESARIAL DAS EMPRESAS GALEGAS CARA AO ACCESO AO MERCADO ALTERNATIVO BURSÁTIL (MAB)**

**Non debe entregar NINGUNHA DOCUMENTACIÓN á parte desta solicitude**, e debe indicar a continuación, de forma obrigatoria, o identificador de documento electrónico (IDE) obtido da aplicación de axuda para cubrir solicitudes, e o código de comprobación.

IDENTIFICADOR DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO (IDE) – 40 DÍXITOS ALFANUMÉRICOS – SHA 1 160 BITS	CÓDIGO DE COMPROBACIÓN
--	------------------------

*O/a solicitante declara ter obtido nos servizos web do Igape (<http://tramita.igape.es>) un documento electrónico cuxo identificador de documento electrónico (IDE) aparece no cadro anterior. O contido deste documento forma, para todos os efectos, parte integrante desta solicitude.*

- Solicito que as notificacións do Igape acerca deste expediente se efectúen por vía telemática** (Para utilizar esta opción debe dispoñer de certificado dixital que cumpra o especificado nas bases desta convocatoria. O Igape enviará un aviso ao enderezo de correo indicado, e o asinante da solicitude deberá recoller a notificación formal no enderezo da internet <http://tramita.igape.es>, logo de identificación mediante certificado).

Os datos recollidos nesta instancia, pasarán a formar parte dos ficheiros automatizados do Igape. A empresa ou entidade solicitante AUTORIZA expresamente o Igape:

- Para ceder os datos de carácter persoal incluídos na súa solicitude, a aquelas entidades coas que o Instituto colabore para os efectos de tramitar o correspondente expediente administrativo, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, para incluír nos rexistros creados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes e relativos a estas axudas, así como para o envío periódico de información sobre axudas e actividades de interese para o solicitante. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Dirección Xeral do Igape. Complexo administrativo de San Lázaro s/n 15703 Santiago de Compostela.
- Para o tratamento necesario dos seus datos como beneficiario da axuda concedida ao abeiro destas bases e a súa cesión coa finalidade de publicalos nas páxinas web oficiais do Igape e da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cos puntos 3 e 4 do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, que establecen que o Igape publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro destas bases; e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos.
- Para que solicite da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Consellería de Economía e Facenda, e da Seguridade Social, a información á que se refire o artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación co cumprimento por parte do solicitante das obrigas estatais e autonómicas, coa Seguridade Social e de ausencia doutras débedas coa Comunidade Autónoma.
- Para que comprobe os seus datos de carácter persoal e de residencia e para que obteña os documentos xerados pola Administración autonómica necesarios para a tramitación do procedemento por medios telemáticos, de acordo co establecido no Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.
- Para obter directamente por vía telemática das distintas administracións públicas toda a información requirida para a tramitación do seu expediente.

LEXISLACIÓN APLICABLE  <i>Resolución do 10 de decembro de 2008 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), que aproba as bases reguladoras das axudas para facilitar a análise empresarial das empresas galegas cara ao acceso ao Mercado Alternativo Bursátil (MAB).</i>
SINATURA E SELO DO SOLICITANTE E/O REPRESENTANTE LEGAL  _____, de _____ de _____  <i>Presidente do Igape</i>

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		_____
		DATA DE ENTRADA
		____/____/____
		DATA DE EFECTOS
		____/____/____
		DATA DE SAÍDA
		____/____/____
REVISADO E CONFORME		



## ANEXO II

**SOLICITUDE DE COBRAMENTO**  
**Axudas para facilitar a análise empresarial das empresas galegas cara ao acceso ao**  
**Mercado Alternativo Bursátil (MAB).**

EXPEDIENTE
<input type="text"/>

## DATOS DE IDENTIFICACIÓN

TITULAR		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO		TELÉFONO	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
DATA RESOLUCIÓN	IMPORTES SUBVENCIONABLES APROBADOS (EUROS)	SUBVENCIÓN CONCEDIDA (EUROS)	DATA DE REMATE DO PRAZO DE VIXENCIA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Debe indicar, de forma obrigatoria, o identificador de documento electrónico de liquidación (IDEL) obtido da aplicación de axuda para cubrir o cuestionario de liquidación e o seu código de comprobación.

IDENTIFICADOR DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO DE LIQUIDACIÓN (IDEL) – 40 DÍXITOS ALFANUMÉRICOS – SHA 1 160 BITS	CÓDIGO DE COMPROBACIÓN
<input type="text"/>	<input type="text"/>

O/a solicitante declara obter nos servizos web do Igape (<http://tramita.igape.es>) un documento electrónico cuxo identificador de documento electrónico de liquidación (IDEL) aparece no cadro anterior. O contido deste documento forma, para todos os efectos, parte integrante desta solicitude de cobramento.

*Nota: Este IDEL é un código novo, non sendo válido o IDE obtido para a presentación da solicitude de axuda.*

Don/Dona  con DNI nº  , actuando en nome e representación da entidade arriba indicada, titular dun expediente de axudas outorgado polas disposicións arriba mencionadas:

**EXPÓN:**

Que no período comprendido entre o  e o  , incorreu en gastos que comprenden conceptos e importes aprobados como subvencionables para o proxecto aceptado pola resolución de concesión por un importe de  (euros). Os citados gastos, a relación dos cales se fixo constar no cuestionario electrónico de liquidación ao que se refire esta solicitude, reflíctense fielmente na contabilidade da empresa e, se é o caso, os activos fixos correspondentes aos investimentos incorporáronse ao patrimonio da empresa. Que para a tramitación desta solicitude de liquidación de subvención e de acordo coas bases reguladoras destas axudas sobre o procedemento de xustificación, liquidación e pagamento, presenta a documentación requirida na resolución da axuda.

E por todo iso,

**SOLICITA:**

Que lle sexa aboada á empresa  de acordo coa xustificación achegada, o importe de  euros, ingresándose na conta bancaria ao seu nome aberta, segundo a certificación anexa.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

(Sinatura do representante)

*NOTA: A documentación deberase presentar en orixinal ou copia cotexada.*